



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE  
TÉCNICO DE  
*Igualdade*

Refraneiro galego

IV. Malo será



CONFEDERACION  
DE EMPRESARIOS  
DE LA CORUÑA



**cel**

Confederación de  
Empresarios de Lugo



Confederación  
empresarial de  
Ourense



**CEP**  
CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Co financiamento de:



**XUNTA  
DE GALICIA**



MINISTERIO  
DE TRABAJO  
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO  
DE EMPLEO ESTATAL  
**SEPE**

## Refraneiro galego IV

Serie tomando como “*soporte*” famosos refráns e expresións típicas de Galicia.

Capítulo I: *Nunca choveu que non escampara.*

Capítulo II: *Outra vaca no millo.*

Capítulo III. *Nin arre nin xo.*

**Capítulo IV. *Malo será.***

A “**raíña**” das expresións coloquiais galegas. Probablemente a mais coñecida fora das fronteiras da nosa Comunidade. E que vale para todo, adáptase a calquera situación. Ímolo ver con distintos exemplos:

- Fixemos mal un exame? Malo será (que non aprobemos).
- Non nos deron un proxecto? Malo será (que para a próxima non o gañemos).
- Fomos a unha proba médica? Malo será (que non sexa bo o resultado).
- Queremos que o noso veciño cambie de casa? Malo será (que non acabe marchando).
- Estás coa gripe? Malo será (que non mellores axiña).

Para que logo digan que os de Galicia somos persoas pesimistas e negativas.

“**Malo Será**” é pura esperanza e optimismo, busca sempre o lado positivo das cousas.

Porque realmente o que ven significar e que, a pesares das adversidades, do mal dadas que poidan vir en calquera momento da vida, sempre haberá ventás polas que mirar, tempos mellores e soños por se cumprir.

Non é para namorarse desta expresión máxica que naceu entre carballos e orballo?

Por iso...**malo será que** non cheguemos a acadar a igualdade real na nosa sociedade (aínda que quede moito camiño por percorrer).

Se precisas apoio ou apoio técnico, podes contactar co no noso Gabinete de Igualdade:

[igualdade@ceg.es](mailto:igualdade@ceg.es)

981 555 888